

20
10

DIA DAS LETRAS GALEGAS

UXIO

NOVONETRA



Notas

Uxío Novoneyra naceu en **Parada de Moreda**, Courel, en **1930**, fillo dunha familia de labregos. Esta terra será o principal referente físico para os seus versos, ofrecendo unha anovadora visión da paisaxe dentro da literatura galega. **No ano 1955 deu ao prelo Os eidos**, poemario con que comeza un ciclo poético que retomará con **Os eidos 2. Letanía de Galicia e outros poemas (1974)**. Nos comezos da década de 80, o poeta principia a recompilar e depurar o seu ciclo courelán, dando a lume **Os eidos. Libro do Courel (1981)**, que terá diversas reedicións. No ano 1983 afínase definitivamente en Santiago, cidade desde a cal exerceu como **presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega**, até a súa morte no ano 1999.

Publica **Poemas caligráficos en 1979**, nunha edición **prologada e ilustrada por Reimundo Patiño**, con textos vinculados a unha vangarda pictórica organizada arredor do **grupo Brais Pinto**. Xa na segunda metade desa década comeza cunha recompilación temática da súa produción poética completa. Así, en **Muller pra lonxe (1987)**, reuniu os poemas paisionais e amorosos, e dous anos máis tarde, en **Do Courel a Compostela 1956-1986**, os de temática política, que irán acompañados dunha antoloxía crítica. En **1994**, logo de varios anos de silencio editorial, editou **Poemas de doada certeza i este brillo premido entre as pálpebras**. En **1998** publicou **Betanzos: Poema dos Caneiros e Estampas**.

Nos seus textos, Uxío Novoneyra explicita o seu **compromiso nacionalista e marxista** (especialmente na época en que estes temas son protagónicos na literatura galega), sen deixar de preocuparse en ningún momento pola forma poética e mais pola linguaxe, pesquisando na materia lírica até conseguir o mellor resultado visual e —sobre todo— sonoro para os textos (botando man para tal efecto de diversos **recursos** como o **fonosimbolismo**, a **utilización de dialectalismos e vulgarismos**, os **silencios**, o **simbolismo gráfico**, etc.).

Vicente Araguas

■ Alguén (alguéns) hai anos, deran en dicir que de que tiña que ser hoxe Día de Festa na Patria Amada (isto é, disimulen pola digresión, unha desas que tanto amolaban ao intemporal Holden Caulfield, de Luis Cilia, ¿quen o lembra hoxe, que o demo nos coma?). Dixéranos con esa naturalidade que se din aquí ás veces as barbaridades. A fume de carozo e sen perder escuma; esas cousas.

E o pretexto para barbarizar era que, por exemplo, sendo festa a xente ía ir á praia, desbotando o hábito comprador. Esquecendo, seica, que o día de hoxe está adicado a un autor, ao redor do cal as editoras (algunhas) botan peito poñendo na rúa os seus libros, ou os que se escribiron a prol seu.

O que pasa é que os auguistas, para que non imos enganar, tampouco é que merquen moitos libros. (Eu nas áreas vexo poucos lectores, algunha lectora, e que Deus nos colla confesados, iso si). Os auguistas mercan xelados, beberetes, compango para se manter a ton coa xornada, se ven soleada; iso tamén, si. Mais o que si é certo é que esa xente que hoxe, ¡luns, por riba!, festexan a xornada, quedarán coa copra —máxime se son cativos— de que San Uxío Novoneyra (ou San Ramón Piñeiro, ou San Xosé María Álvarez Blázquez, e non sigo ciando na efemérede) son tan santiños como San Pantaleón, “santazo de cuerpo entero”, e iso porque fixeron por manter o milagre de que unha lingua tan dinamitada por ¡proprios! e alleos, se guise rulando.

E con todo e con iso o persoal vencella o Día das Letras Galegas, porque é choio feriado, a algo bo, a algo grande

Méritos literarios áparte, que a xente do común iso xa non o ve tan claro. Ou non o ve. Comezando polos xornais, e non vou dar nomes, que hoxe é Día de Festa, e eu non son nada chileta, dinamitadores eles tamén, cando tiñan que ser os seus “dinamizadores” da cultura, ao suprimir ou minguar os suplementos que axudan a empurrar do carro desta.

E con todo e con iso o persoal vencella o Día das Letras Galegas, porque é choio feriado, a algo bo, a algo grande. Como pensamos nós, os “vencellados” (que me puxera

Hoxe ben se sabe que día é



Uxío Novoneyra le as notas dun discurso nun acto da universidade nos anos oitenta

Celso Emilio Ferreiro en sentida adicatoria no exemplar que teño de Longa noite de pedra), aínda que por razóns se cadra máis complexas. Pero tamén porque é Día de Festa,

por máis que non o sexa lonxe de Galicia, alá onde nos movemos tantos galegos conscientes do que se perdería se a fala alá fose polo río abaixo. A literatura tamén, , mais

ben se entende que sen unha a outra non pode existir. Ou ficar, en todo caso, nun asunto arcaico e culturalista. Como escribir hoxe en latín, poño por caso. Pero non.

28 de maio - 20.30 h
3ª FESTA DA LINGUA

Auditorio da Casa da Cultura de Bertamiráns (Ames)

Actuarán:
ESPIDO
TALÍA TEATRO
CELSE SANMARTÍN
A BANDA DA BALBINA

Presenta: **BELÉN REGUEIRA**

Entrada de balde, mais con convite.
Os convites recolleranse no Servizo de Normalización Lingüística dos concellos colaboradores.

PATROCINA:
DEPUTACIÓN DA CORUÑA

COLABORAN:
CONCELLO DE SANTIAGO, CONCELLO DE ROIS, CONCELLO DE VILARMAIOR, CONCELLO DE TEO, ORCOSO, Concello de Ames